

CONTIDOS MÍNIMOS 3ºESO

BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. ESCOITAR E FALAR

- Textos orais propios dos medios de comunicación audiovisual: entrevistas, noticias, crónicas e reportaxes.
- Características dos textos xornalísticos na radio e na televisión. Funcións da televisión.
- Textos expositivos e argumentativos.
- Desenvolvemento de habilidades de escoita cunha actitude de interese, cooperación e respecto ante as intervencións orais, sobre todo en exposicións do profesorado ou do alumnado.
- Emprego adecuado da linguaxe non verbal. Emprego das normas de cortesía nas producións orais.
- A exposición formal e coloquial. Planificación de discursos e exposicións orais breves.
- Debate informal sobre un tema de interese persoal e exposición de conclusións.
- Reflexión oral sobre os prexuízos lingüísticos na actualidade.
- Expresión oral: reflexión sobre a temática tratada nun texto dado.
- Expresión oral: narración breve. Planificación e realización dunha entrevista.
- Consulta da páxina web da TVG e análise dos contidos dos programas.

BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER E ESCRIBIR

- O resumo. Resposta correcta de preguntas relativas ao contido dunha lectura.
- Realización de esquemas e subliñados a partir dun texto dado.
- Explicación do significado de palabras e incorporación ao repertorio léxico mediante o emprego en enunciados. Actividades de comprensión e expresión textual
- Os textos formalizados: actas, regulamentos e convocatorias. Textos instrutivos.
- Textos propios dos medios de comunicación: entrevistas, crónicas e reportaxes. Os xornais (impresos e dixitais).
- A noticia: estrutura. Pautas xerais de redacción da noticia. Os titulares valorativos e obxectivos.
- A reportaxe: características. Diferenzas entre noticia e reportaxe. A entrevista: características e tipos. Pautas para a elaboración dunha entrevista.
- Textos expositivo e informativos. Identificación do tema e dos subtemas, a estrutura comunicativa das mensaxes e a intención do emisor dos textos expositivos e explicativos.
- O texto informativo.
- Lectura fluída en voz alta respectando os patróns fonéticos do galego.
- Redacción dun correo electrónico. Redacción dun texto instrutivo-informativo a partir de pictogramas.
- Producción, en soporte impreso ou dixital, de textos propios dos medios de comunicación, fundamentalmente, entrevistas, crónicas e reportaxes.
- Adecuación, coherencia e cohesión. Os conectores textuais. O rexistro coloquial / formal.
- Utilización das TIC para organizar os contidos, mellorar a presentación e corrixir erros. Uso do procesador de textos. Coñecemento do funcionamento das páxinas web

BLOQUE 3. FUNCIONAMENTO DA LINGUA

- Uso de léxico amplo e preciso. Vocabulario temático. Fraseoloxía: frases feitas
- As relacións semánticas: de afinidade, de oposición e de xerarquía. Campo semántico. Xentilicios. Familia léxica: regular e irregular. Préstamos lingüísticos. Termos xenéricos e inclusivos. Palabras tabú
- Recoñecemento e identificación das categorías gramaticais.
- **O substantivo:** o xénero e o número. Regras de formación do feminino e do plural. Clasificación semántica dos substantivos. Substantivos rematados en *-axe*. O xénero dos substantivos invariables.

- **O adxectivo:** adxectivos explicativos e especificativos. Graos do adxectivo. Adxectivos con lexemas diferentes para o comparativo e para o superlativo. O grao comparativo. Uso das conxuncións comparativas.
- **Os artigos:** definición e formas. Contraccións coas preposicións.
- Os demostrativos: definición e formas. Pronomes demostrativos. Os posesivos: definición e formas. O artigo determinado cos posesivos. Formas especiais dos posesivos. As formas distributivas. Os indefinidos: definición, formas e funcións. Contraccións coas preposicións.
- Os numerais: definición e clases. Multiplicativos e partitivos. Os pronomes interrogativos e exclamativos.
- **Os pronomes persoais:** definición. Pronomes persoais tónicos: formas rectas e oblicuas. Funcións.
- Pronomes persoais átonos: definición e funcións. Contraccións dos pronomes de CD e CI. *Te e che*. Pronome de solidariedade. Colocación do pronome átono.
- **O verbo:** definición e morfoloxía verbal. **O modo.** **O tempo:** tempos de indicativo e tempos de subxuntivo. O modo imperativo. As alternancias vocálica. Os verbos irregulares. O modo imperativo. O infinitivo conxugado (formas e uso). Os verbos irregulares. Formas nominais do verbo. As perífrases verbais.
- Preposicións e locucións preposicionais.
- O adverbio. Locucións adverbiais.
- **A palabra:** lexemas e morfemas. Tipos de morfemas: flexivos e derivativos (prefixos e sufixos). Tipos de sufixos: alterativos e derivativos. A clase de palabras. Usos e procedementos de creación de palabras. Palabras simples, derivadas, compostas e parasintéticas. Lexemas de orixe grega.
- As conxuncións e as locucións conxuntivas: coordinantes, subordinantes e oracionais. As interxeccións
- A fonética e a fonoloxía do galego. O sistema vocálico. O sistema consonántico.
- Siglas e acrónimos empregados no mundo das tecnoloxías
- O alfabeto: letras e dígrafos. Correspondencias entre fonemas e grafías.
- Os grupos consonánticos bl, cl, fl, gl, pl, tl, -ct-, -cc-, [ks], -gm- e -gn-. -pn-, -ps- e -pt-.
- Uso das comiñas e a raia.
- Contraccións dos pronomes de terceira persoa coas preposicións *de* e *en*.
- As sílabas: sílaba tónica e sílaba átona. Ditongo. Tritongo. Hiato.
- Acentuación de *i*, *u* en hiato. Regras xerais de acentuación.. O til diacrítico. A diérese. O apóstrofo
- Uso das maiúsculas e minúsculas. Maiúsculas e emprego do til
- O punto (a coma, o punto e coma, o punto e seguido, o punto e á parte e punto final, os puntos suspensivos).
- As funcións sintácticas e as unidades que as desempeñan.
- Frase substantiva e frase nominal. Funcións que desempeñan.
- Nexos e conectores textuais máis comúns. A cohesión textual.
- Os mecanismos de cohesión textual: repetición, substitución, deíxe puntuación e nexos ou conectores.
- Identificación da estrutura dun texto. Elaboración de textos atendendo a estes valores.
- Análise da estrutura dunha noticia.
- A narración: personaxes, espazo e tempo. Estrutura da narración. A voz narradora e o punto de vista.
- A descrición. Descrición obxectiva e subxectiva. Características lingüísticas dos textos descritivos.
- O diálogo. Estilo directo e estilo indirecto. Os verbos máis usuais no estilo indirecto.
- A banda deseñada: características. A elipse narrativa. Os tipos de plano e o ángulo de visión. As palabras das bandas deseñadas. Imaxes en movemento: signos cinéticos. As metáforas visuais.

BLOQUE 4. LINGUA E SOCIEDADE

- As linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo. O plurilingüismo.
- A familia románica ou neolatina. A fragmentación do latín vulgar.
- Lusofonía.
- Linguas de substrato e superestrato.

- Distinción entre bilingüismo individual e bilingüismo social. O concepto de diglosia.
- Situación sociolingüística do galego, aproximación aos prexuízos lingüísticos máis evidentes.
- Lexislación lingüística: Lei de Normalización Lingüística. Proceso de normalización. Linguas en contacto: alternancia e mestura de códigos. Lingua oculta. Galego, lingua maioritaria.
- Interferencias lingüísticas. A norma estándar.
- A orixe e formación da lingua galega. Historia social da lingua galega: o esplendor. Características da lingua medieval. A decadencia. A marxinação do galego na Idade Moderna. A dignificación. Distribución social das linguas no século XIX.
- Os ilustrados: as primeiras reivindicacións do idioma.
- O Rexurdimento: a recuperación do galego como lingua escrita.
- Situación sociolingüística e legal das linguas do Estado español.
- Prexuízos lingüísticos. Formación da imaxe social das linguas.
- Fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas, diastráticas e diafásicas e función do estándar.
- As xergas. O seseo, a gheada e outros trazos fonéticos do galego.

BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA

- Épocas e períodos da literatura galega desde as súas orixes na Idade Media ata 1916.
- A Galicia medieval. A literatura medieval. Os cancioneros. Autores e intérpretes. A lírica medieval: cadro da lírica profana e relixiosa. A cantiga de amigo: orixe, características temáticas e valores simbólicos. Recursos formais. Tipos de cantigas de amigo. A cantiga de amor: orixe, características temáticas e recursos formais. Tipos de cantigas de amor: cantigas de refrán e cantigas de mestría. As cantigas de escarnio e maldicir: temas e recursos formais. Lírica relixiosa: as cantigas de Santa María. Xéneros menores: pastorelas, tenzóns e pranto.
- Prosa medieval. O Galego Medio: contexto histórico e sociolingüístico dos Séculos Escuros. Mostras literarias destes séculos (XVI- XVII): literatura culta e literatura popular. A Ilustración (século XIX).
- Os precursores: Xoán Manuel Pintos e Francisco Añón.
- O Rexurdimento: contexto socio-histórico. A situación da cultura e da lingua no Rexurdimento.
- O novo pensamento: o galeguismo (o provincialismo, o federalismo, o rexionalismo e o nacionalismo).
- Rosalía de Castro: biografía e obra; muller escritora en galego. Contexto socio-histórico da obra de Rosalía de Castro. *Cantares gallegos*: estrutura, estilo e temáticas. *Follas novas*: estrutura, estilo e temáticas
- Manuel Curros Enríquez: biografía e obra. *Aires da miña terra*: liñas temáticas. *O divino sainete*.
- Eduardo Pondal: biografía e obra. Lingua e estilo na obra de Pondal.
- *Queixumes dos pinos*: o celtismo, o ossianismo, a natureza e a virilidade. *Os Eoas*.
- A Galicia de finais do século XXI e comezos do século XX.
- A poesía de «Entre dous séculos». A prosa e o teatro anteriores ás Irmandades da Fala: contexto sociohistórico.
- Lectura comprensiva dunha escolma de cantigas de amigo e de amor. Recoñecemento do tema e trazos definitorios do xénero de amigo e amor en varias cantigas. Comentario de forma guiada unha escolma de cantigas de amigo e amor atendendo aos principais recursos formais e clasificación temática.
- Lectura comprensiva e comentario de textos de Rosalía de Castro, de Curros Enríquez e de Eduardo Pondal.
- Elaboración de traballos individuais e/ou en grupo, nos que se describan e analicen textos literarios representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916
- Creación ou recreación de textos sinxelos de intención literaria, o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos. (Textos poéticos, narrativos, diálogos, reparando no estilo directo e indirecto.

FERRAMENTAS E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

3.2 Avaliación (ferramentas e criterios de cualificación) 1º, 2º, 3º ESO

Se atendemos ao espírito da norma debemos recoñecer a avaliación como instrumento de medir o grao de consecución dos obxectivos propostos e a adecuación da metodoloxía empregada no proceso de aprendizaxe. Con esta intención tentamos recoller e valorar os contidos desenvoltos (conceptuais e procedementais)

Así obteremos a nota de avaliación:

Ata un 50% por resolución de exames. Probas (exposición escrita, preguntas obxectivas de resposta breve ou de opción múltiple, preguntas abertas, resolución de exercicios) que demostrarán a asimilación de conceptos e a aplicación destes na resolución de situacións propostas. Para que se poida optar ao aprobado final ou parcial a nota deste apartado non deberá ser inferior nunca a un 3'5 sobre 10 puntos.

- **As faltas de ortografía restarán nas probas escritas: -0,10 (nunca a falta reiterada) ata un máximo de 1,5 puntos por proba.**

Ata un 30% por exercicios da clase, lecturas, traballos individuais e grupais, tarefas na aula e da casa (creación de textos...), resolución de **procedementos** aplicados na aprendizaxe.

- **A proba que se realice para comprobar a lectura do libro, que será oral ou escrita, non excederá de 1,5 puntos.**
- **Non realizar as tarefas marcadas, non ter o material (caderno, libro...) en situacións reiteradas, restará -0,10, ata un máximo de 1 punto por avaliación.**

Ata un 20% no control e capacidade oral. Neste apartado avalíase a capacidade lingüística (incorporación de léxico, autonomía oral, modulación, entoación, prosodia, fonética...) e actitude oral (interese por incorporar o dominio lingüístico a todos os actos de comunicación na aula) **Neste apartado puntuarán: debates, presentacións ou exposición orais, gravacións en vídeo ou audio..., exames orais (libro de lectura)**

3.4 Avaliación oral (1º, 2º, 3º, 4º)

A competencia oral do alumnado (tanto capacidade como actitude oral), correspondente ao bloque de expresión oral e comprensión oral, permite unha análise secuenciada ao longo do período avaliativo, esta análise secuenciada constatarase mediante a observación diaria das súas intervencións na aula e nas exposicións orais tanto individuais como en grupo ou en parella. Para este fin empregaremos escalas de valoración cos seguintes criterios: adecuación, interacción, coherencia e cohesión, pronuncia e entoación, gramática e léxico. Puntúa no apartado de control e capacidade oral.

3.5 A Recuperación

Diferénciase entre aqueles contidos que precisan dunha asimilación progresiva e polo tanto forman parte da avaliación continua (non se someterán a exame de recuperación) e aqueloutros que podemos considerar terminativos (etapas literarias, sociolingüística...) que si serán recuperables despois de cada trimestre.

3.5.2 A Recuperación (3º e 4ºESO)

Despois de cada avaliación suspensa pódese recuperar por medio dun exame trimestral. En xuño haberá a opción de recuperación global antes da avaliación ordinaria.

3.6 Avaliación ordinaria e extraordinaria

Tanto o exame final como o extraordinario de setembro avalían o manexo máis conceptual da materia, non obstante, aínda conseguindo unha competencia mínima nestes conceptos, deberase demostrar tamén unha

habilidade aceptable na expresión comunicativa: adaptación ás propiedades textuais (adecuación, coherencia, cohesión e gramaticalidade). Ambas as probas avaliaranse entre: 0-10 puntos.